



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEDA

Exposición pública do padrón fiscal da taxa de pasaxes permanentes do ano 2024

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de setembro de 2024 aprobouse o padrón fiscal de contribuíntes do ano 2024 relativo á taxa polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e outros terreos de uso público e reserva de vía pública de aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Exposición: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP, o cal ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación

Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Cobramento: O período de cobro será de DOUS MESES contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto de exposición pública.

Os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira, os recibos seranlles cargados no conta por eles indicada, transcorridos QUINCE DIAS despois de iniciado o período de cobramento.

Recursos: Contra o presente acordo, que é definitivo na vía administrativa, poderá interpor no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Ferrol, consonte ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. Tamén poderá facer uso, con carácter previo e potestativo, do recurso de reposición establecido no artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) en relación co artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a exercer no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante a Xunta de Goberno Local deste Concello; sen prexuízo de que así mesmo poida utilizar calquera outro recurso que considere axeitado a dereito.

Contra as liquidacións tamén poderá interpor, ante o mesmo órgano, o recurso de reposición, no prazo dun mes, (igualmente contado desde o día seguinte o da notificación) ó que se refire o artigo 108 da LBRL, e o artigo 14.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, debendo terse en conta as condicións e circunstancias, previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa ou tácita do recurso de reposición poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o ditos Xulgados, nos prazos e forma indicados no parágrafo primeiro.

Vila de Neda, 25 de setembro de 2024

O alcalde

Angel Alvariño Saavedra

2024/6715